



**BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO**

## Boletín Municipal

A ESTRADA

N.º 4 Abril

# QUE SON AS CAMADAS POPULARES ?

### RESPOSTA A UNHAS DECLARACIONES DEMAGOXICAS DE ELVIRA

No número 0 da revista "Contrarretanca" pode-se ler unha entrevista con dona Elvira Fernandez, alcaldesa da Estrada, na que alude ao traballo municipal do B.N.G. e di que non entende a nosa postura en contra da suba da contribución, tendo en conta que somos os defensores das "camadas populares" e que este é o imposto máis xusto.

Alegramo-nos de que dona Elvira escoite asiduamente a Beiras, como demostra a referencia ás camadas populares, aínda que non teña percebido o seu significado. Dá-nos a impresión de que a señora alcaldesa pensa que, cando falamos das camadas (ou clases) populares, nos referimos aos negros de Biafra ou aos traballadores do campo de Andalucía.

Como di Elvira, *se por algo se caracteriza o BNG e por defender aos sectores sociais máis desfavorecidos.*

Mais non así, nós falamos dos labregos galegos, que sofrendo niveis de explotación tan grandes como os andaluces, por enriba teñen que pagar a contribución e a cota empresarial, aínda que logo teñan que vender o leite ao prezo que marquen

as grandes empresas en connivencia co goberno español, cobrando cando cadre e sen dereito a recargo por demora no pago. Falamos dos obreiros con soldos ínfimos (sobre todo en relación co da señora alcaldesa), que non lles permiten acceder á propiedade dunha vivenda; das mulleres utilizadas como mao de obra barata (máis aínda); ou das mozas sen posibilidade de conseguir o primeiro emprego (por falta de experiencia entre outras cousas). Mais tamén incluímos dentro das camadas populares aos pequenos comerciantes perxudicados coa implantación de grandes áreas comerciais, e a pequenos e medianos empresarios con dificultades para facer fronte á necesaria tecnificación das empresas e crear as canles adecuadas de comunicación que lle permitan afrontar con garantías a entrada na CEE sen ningún tipo de axuda por parte da Administración (tanto Central como Autonómica), viradas no apoio ás grandes empresas transnacionais e á Banca. Estes sectores sociais son os que denominamos clases populares, e a súa defensa, irrenunciábel para nós, o que Elvira define como posturas extremas representadas polo BNG e mantidas en todos os concellos (e no Parlamento).

**< A CONTRIBUCION NON E O IMPOSTO MAIS XUSTO, POIS GRAVA A PROPIEDAD E NON AS RENDAS QUE ESTA PODA A PRODUCCION. >**

Por iso nos opuxemos á suba da Contribución. Porque foi desmesurada e desproporcionada a respecto do incremento dos ingresos dos contribuintes. Porque, a diferenza da opinión da señora alcaldesa, non o consideramos como o imposto máis xusto; para que así fose, tería que gravar as rendas que producen ou os beneficios obtidos se se utilizan con fins especulativos, e non a propiedade, sempre que o contribuínte a utilice como vivenda propia, o que ocorre xeralmente, sobre todo no rural. Resulta que nun país no que tanto se fala do respecto á propiedade privada, ademais de ter que mercar a vivenda, non deixamos de ser inquilinos do Estado, fixando-nos o aluguer que lle da a gana, sen que teñamos oportunidade de discutir o prezo. E aínda a señora alcaldesa nos chama desafortunados; tal vez sexa que desde a súa poltrona non ve máis intereses que defender que os dela mesma, que, desde logo, non son os mesmos que os do resto dos cidadáns da Estrada.



# ANALISE DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) DO 1.990

## A SUBVENCION DOUTROS ORGANISMOS ENCOBRE A INFIMA APORTACION DO CONCELLO.

O BNG está en total desacordo co POS-90 como así o manifestou no Pleno no que se debateu e aprobou cos nosos votos en contra. Consideramos que hai obras de interese prioritario para a Estrada, que é necesrio afrontar e que solucionarían problemas de circulación e aparcamento no centro urbano ao criar novas ruas; e terían, vez, unha repercusión económica importante para a Estrada ao propiciar novas construcións e un incremento de solo urbanizábel co conseguinte abaratamento no seu prezo.

### < O POS E UN EXEMPLO CLARO DO DESAXUSTE ENTRE IMPOSTOS PAGADOS E SERVIZOS RECEBIDOS >

Se temos en conta que no POS 90 se inclúe a urbanización da rua do matadeiro (obra do POS 88) e a remodelación do Campo da Feira, financiada en 20 millóns pola Xunta de Galiza e cun anticipo da Deputación; e que máis de 18 millóns se ingresan por contribucións especiais; podemos comprobar que dos ingresos ordinarios do Concello no exercicio do 90, só se adican ao POS 4 millóns de pts., 16 millóns menos que o ano anterior, cantidade que xa se tiña valorado como moi baixa e que este ano se reduza drasticamente. Apesar de incrementaren-se os ingresos do Concello coa suba das taxas e impostos (ctu, agua, alcantarillado, imposto sobre construcións, imposto de vehículos, etc) non se corresponden cunha mellora da infraestrutura do Concello, e, polo tanto, non aporta ningún beneficio aos contribuintes.

Hai que ter en conta que se o presuposto total do POS-90 aumenta a respecto do ano anterior, debe-se á suba na aportación do Estado e da Deputación.

Por todos estes motivos o BNG considera inaceitábel este Plan de Obras e Servizos e fixo a seguinte proposta que foi rexeitada na súa totalidade:

#### Financiamento :

Aumentar a aportación de fondos propios a respecto do ano 89; como mínimo, na mesma porcentaxe que os ingresos ordinarios do Concello.

#### Obras:

Incluir novas obras entre as seguintes que consideramos prioritarias:

1ª.- Rúa da Praza da Igrexa ao Campo da Feira.

2ª.- Prolongación da R. Justo Martínez

# A PISTA DE JUAN PARDO

## OU DE COMO UN CONCELLO FUNCIONA POLA CACICADA E O AMIGUISMO

Desde sempre, no Concello da Estrada, o arranxo e asfaltado das pistas do rural decide-se con criterios arbitrarios e como pa-

3ª.- Rúa nº 56 ( paralela R. San Paio )

4ª.- Rúa nº 20 ( da avda. de Santiago-Cruceiro- Rúa 56 )

5ª.- Rúa nº 60 ( fondo da Feira )

6ª.- Travesía de Fernando Conde a Gran Vía ( fronte ao Campo de Fútbol )

7ª.- Rúa nº 75 ( Travesía avda. de América a Gran Vía )

8ª.- Rúa nº 42 (prolongación R. Castela a Gran Vía )

9ª.- Urbanización da avda. de Pontevedra.

Para o POS - 90 propomos a 1ª , 5ª e 6ª

### POS -90 RURAL

- Detallar as obras a realizar e o presuposto de cada unha.

-Supresión do financiamento a cargo de novos créditos se non se aumenta a aportación de fondos propios.

- Reparto das subvencións nas seguintes ruas: Rúa do Matadeiro (16,9%), Rúa 29 (54,7%), proporcionalmente ao presuposto de cada unha das obras tendo en conta a súa repercusión nas contribucións especiais.

go aos caciques das parroquias polos votos apañados.


O ultimo exemplo deste tipo de actuación temo-lo no asfaltado dunha pista en Remesar que chega até a casa do "cantante" Juan Pardo e continua polo interior da súa propiedade sen que a obra estexa contemplada no POS ( Plan de Obras e Servizos ) para o rural, e sen que se tomase ningún acordo para autorizar a súa execución.

En todo caso resulta sospeitoso que se faga a pista a partir da cesión, por parte do cantante na campaña electoral pasada, dos dereitos da canción "Xuntos", utilizada polo P.P. (partido gobernante no Concello). Indignante comprobar como, mentres hai unha grande cantidade de pistas intrasitábeis que prestan servizo a parroquias inteiras, se utilizan os cartos públicos para o pago de campañas electorais do partido gobernante.

< SO SE REMATARA COAS CACICADAS INTEGRANDO A REPRESENTANTES DAS PARROQUIAS NA XESTION MUNICIPAL, COMO NOS DEFENDEMOS NUNHA MOCION APRESENTADA EN 1987 E REXEITADA NO SEU CONTIDO >

Para rematar con esta situación non basta con mudar o goberno ( lembremo-nos que co PSOE frente da delegación do rural, arranxaron-se as pistas do sogro e a de Paco da Estación ), hai que mudar os criterios. O correcto é que os veciños participen na elaboración dos Plans de Obras por meio dos seus representantes (Xuntas Parroquiais), eleitos democraticamente e criando a Comisión descentralizada do Rural integrando aos presidentes de cada Xunta Parroquial para elaboraren o POS do rural, en función das necesidades das parroquias e tendo en conta as súas prioridades.

Estes son os criterios do BNG e así o ten solicitado na moción " Integración do rural na actividade municipal" apresentada no Concello, debatida, mutilada, rexeitada no seu contido e que aínda non foi executada nos puntos aprobados.





Pista de acceso á casa de Juan Pardo. . . "Xuntos máis fortes!"  
... Xuntos e revoltos ... ganancia de pescadores.



Un de tantos vertedeiros incontrolados. Destrución da paisaxe, contaminación, focos de lume . . .

## O BNG PROPON QUE SE INCLUA NOS PRESUPOSTOS DO 1.990 UN PROXECTO DE RECOLLIDA DE LIXO NO RURAL.

O BNG no seu programa para as pasadas eleccións municipais reivindicaba unha máis grande atención ao rural nos seus múltiples aspectos: accesos, puntos de luz, fosas sépticas ....e, asemade, contentores de lixo en todos os lugares e dismantelamento dos actuais vertedeiros incontrolados que povoan as beiras das nosas estradas e camiños e converten o entorno nunha paisaxe de pos-guerra, cun grave deterioro ecolóxico; alén de seren focos infecciosos e de contaminación, tornan-se no verao en potenciais focos de incéndios.

Son de coñecimento xeral os múltiples intentos do BNG (todos eles frustrados) para que os problemas, demanda de servizos e inquietudes das nosas parroquias tivesen ouvidos e acadasen solucións por parte do Concello; máis a equipa de goberno só atende voces de caciques.

< E URXENTE UNHA SOLUCION AOS VERTEDEIROS INCONTROLADOS DE LIXO A CAUSA DO DETERIORO MEIO-AMBIENTAL E OS PERIGOS QUE IMPLICAN. >

En xullo do 1.989 o Concello da Estrada vizo de recollida de lixo e ampliación do mesmo a núcleos rurais con meirande densidade de poboación". O citado Proxecto foi redactado para pedir unha subvención á Consellaría de Ordenación do Territorio, subvención que non foi concedida e o proxecto ficou aparcado. Nós pensamos que este tema non pode estar pendente dunha subvención, é urxente e necesario que o Grupo de Goberno asuma a responsabilidade de lev-lo a cabo xa. Por iso solicitamos que o custo deste servizo sexa incluído nos presupostos do 1.990.

### Estracto do proxecto:

-Solicítan-se:

1 camión recolector-compactador.

147 contentores

137 papeleiras

1 equipa lava-contentores

-Itinerarios a seguir:

A- Estrada de Codeseda e variantes.

B- Estrada da Rocha e variantes.

C- Estrada de Berres e Paradela e variantes.

D- Estrada de Santiago e variantes.

- Periodicidade de recollida: días alternas.

Este plan garantiría a recollida dos residuos sólidos no concello, e complementaríase cunha campaña de concienciación.

## FAGAN XOGO SEÑORES !... PARA ALGUNS POLITICOS PAGA A CASA !

*Hai tempo que o BNG dixo de Elvira que ela sempre militara na organización dos seus intereses particulares, única explicación cabal ao seu contínuo transfuguismo, aínda que agora, no PP, podemos agoirar-lle un tempo de estabilidade.*

Mais, que intereses poden facer que unha persoa sen discurso e sen alternativa política, que se move por improvisación e defensiva de, por exemplo, certelras propostas do BNG, se mantéña na política e se enfrente ao desgaste que conleva ?

A resposta está nese salario que a si propia puxo de 3.000.000 pts. brutas ao ano, ao que hai que engadir o 1.200.000 neto cobrado no 1.989 pola Deputación, o que supón aproximadamente un salario mensual de 300.000 pts., isto sen contar os últimos 3 meses de 1.989 como Senadora. "Y otras yerbas que la cabuja non come y el jando non paca" e que por nómina non pasan.

< ONDE QUEDAN AQUELAS 125.000 PTS. MENS UAIS QUE COBRARIA AGORA EN EXTENSIÓN AGRÁRIA ? U-LAS ? >

## O BNG DEFENDE A INICIATIVA PARLAMENTAR NA DEFESA DO SECTOR LEITEIRO E TAMEN A DO CARNICO.

O sector leiteiro e, o cárnico - fundamentais na economía galega -, e, particularmente, da comarca estradense, viron como a súa expansión e pervivencia quedaron afectadas seriamente pola integración do Estado Español na Comunidade Económica Europea, e, sobre todo, pola forma na que se concretaron os acordos de adhesión.

O impacto foi inmediato: imposición de cotas de produción, desprazamento do leite galego dos seus mercados tradicionais. Impacto paliado, en certa medida, pola loita dos labregos. Hoxe, a reimplantación das cotas, a caída dos prezos, a falta de garantía na recollida, ameazan definitivamente ao sector.

O BNG, desde o primeiro momento, denunciou esta situación e mostrou o seu apoio e solidariedade cos labregos:

< A NEGATIVA DO PP E PSOE A BUSCAR UNHA SOLUCION MOSTRA A SUA SUBORDINACION A POLITICA COMUNITARIA E INCAPACIDADE PARA DAR ALTERNATIVAS AOS PROBLEMAS QUE SOFRE GALIZA. >



Manifestación do día de abril en Santiago, convocada polo Sindicato Labrego Galego (CCLL), na que participaron máis de 30.000 persoas, cunha grande presenza de produtores da estrada.

Recén estreada a presente lexislatura autonómica, o BNG apresentou, o 25 de xaneiro, unha iniciativa non de lei de defensa e protección do sector leiteiro. Defendida na sesión do 14 de marzo polo deputado Bautista Alvarez, obtivo 9 votos a favor e foi rechazada con 66 en contra, PP e PSOE.

A iniciativa recolla que:

1-A Xunta creará unha Mesa de Negociación integrada por produtores, Industrias lácteas e Administración, onde se acordarán medidas para o sector, comprometendo-se as partes ao seu cumprimento.

2- A Xunta intervirá nas empresas sempre que non haxa garantía na recollida ou no abono aos produtores.

3-A Xunta demandará do Goberno

Central a aplicación de cláusulas de salvagarda para frear a importación de leite e derivados procedentes da CEE.

4- A Administración autonómica, no prazo de seis meses, elaborará un Plan de reestruturación do sector lácteo, sendo obxectivos: transformación en Galiza do leite producido; fomentar a concentración de industrias para constituir un sólido grupo de industrialización e comercialización do leite galego; elaboración de alternativas para explotacións non rendábeis.

Tamén, se apresentou no Parlamento, o 16 de febreiro, unha iniciativa non de lei de defensa do sector cárnico. Finalmente o BNG reitera o seu apoio a todas as accións que leven os labregos na defensa das súas producións.

## ELEICTIONS OU CACIQUISMO ?

" Un lazo une aos caciques e aos subxugados ... a influencia... As condicións intelectuais, as morais, a influencia de cios naturalmente derivados desas causas; pero hai outras clases de beneficios que os homes subxugados reciben en condicións moi distintas e mercé a outras circunstancias.

A  
NOTA  
S



Cal é a pista de máis sona no concello da Estrada ?

Cando se desempeña un cargo, o de recaudador ou de deputado provincial, por exemplo, ou se exerce unha profesión como a de procurador ou advogado, pode nacer unha influencia; pero esa influencia neses condicións e especialmente na Estrada, nace case sempre ilexitimamente." Antón LOSADA DIEGUEZ, El Estradense, 1.907.

Ten que ser bonito gañar unhas eleccións. Foi-no para o BNG, acadando un grupo parlamentar; foi bonito conseguir 6 deputados, aínda que, grazas á rapina da "independencia xudicial", sexan 5 escaños no Parlamento.

Mais, aínda obtendo a maioría absoluta, ten que ser triste saber-se vitorios de tan grande ignominia. Porque a maioría dos votos emitidos son condicionados e chantaxeados por unha rede caciquil perfectamente artellada e acochada sob o eufemismo de axentes eleitorais a maioría das veces, as máis torpes, servís e escravas almas do lugar, chefiadas polo pasante - máis que advogado- Palmou, como un vulgar e incompetente sarxento de brigada.

Tañen o que queren e nada lles falta: un corpo social desvertebrado como caldo de cultivo; unha Lei electoral, enfermiza humidade garimosa de máis ervas; e se for pouco, a sega selectiva dos Tribunais de Xustiza.

< MENTRES O PSOE COMPARTIA METODOS OU NON ACTUABA DIANTE DO CACIQUISMO, O BNG FOI A UNICA FORZA QUE SE ENFRENTOU E APRESENTOU DENUNCIA DIANTE DO XULGADO CONTRA VARIOS CACIQUES DO PP. >

Aínda así, o BNG deu-lles forte, 105.000 votos na Galiza; na Estrada 1.300, subindo en todas as mesas da vila e dando-se un forte incremento no rural, situando-nos en varias como segunda forza. Conseguimos ademais neutralizar algunhas parróquias, como Sta. Cristina de Veá, a rede caciquil do PP. Mentres o PSOE compartía métodos ou non se inmutaba diante disto, o BNG foi a única forza que se enfrentou, e a única que formulou denuncia diante do Xulgado da Estrada, contra o PP por "Distribución de papeletas no día de eleccións nas parróquias de Sta. Cristina de Veá, Moreira, Orazo e Berres por parte de membros do Partido Popular, utilizando medios de locomoción e transporte de electores ás devanditas mesas custeate outras, contra as seguintes persoas: Manuel Loureiro Carbia, Jos Brea Regenjo, Picido Tom Martínez e Fco. Cora Castro en Sta. Cristina de Veá; Genaro Gañete Rulbal de Ribeira; Andrés Pereiro Martínez en Orazo. O proceso neste momento topa-se en fase de instrución.